

## PRESENTACIÓN DO LIBRO “VIOLENCIAS (IN)VISIBLES” Xoves, 23 de setembro, 19.00h

No seo do ciclo “Faladoiros dos libros” do CDRF, da **Concellería de Igualdade**, o 23 de setembro ás 19.00h terá lugar o acto de presentación do libro **“Violencias (in)visibles: Intervenciones feministas frente a la violencia patriarcal”**. Contaremos con D<sup>a</sup> **Carme Adán Villamarín**, como presentadora, con D<sup>a</sup> **Belén Martín Lucas**, editora do libro, e con varias das autoras do mesmo.

A violencia sexista ten moitas formas e manifestacións, pero todas elas teñen a súa orixe no pensamento patriarcal. Este libro analiza as manifestacións da violencia sexista cun dobre obxectivo: expoñer esa violencia persistente e cotiá que afianza as representacións misóxinas en cada acto das nosas vidas e avaliar a eficacia de varias interpretacións feministas na contrución dunha cultura igualitaria.